



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Castrelo do Val

Edicto

Unha vez que quedou definitivamente aprobada a Ordenanza fiscal da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública, procédese á publicación do acordo adoptado no Pleno municipal, na sesión do 24 de setembro de 2012, que se eleva a definitivo ó non presentaren reclamacións, así como o texto íntegro da dita ordenanza, cumprindo co disposto no artigo 17.3 e 4 da Lei reguladora das facendas locais.

Transcribese o acordo, así como a ordenanza fiscal íntegra.

1º.- Aproba-la Ordenanza reguladora da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

2º.- Expoñe-la dita ordenanza modificada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello por un prazo de 30 días hábiles, tralo anuncio no BOP, para os efectos de que durante o dito prazo os interesados poidan presenta-las reclamacións oportunas.

3º.- No caso de que contra o dito acordo non se presente ningunha reclamación, entenderase que esta aprobación provisional pasa a ser definitiva.

4º.- Publicar, unha vez convertido en definitivo o acordo provisional, a referida ordenanza no BOP.

Ordenanza fiscal da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

1.- Funcionamento e natureza

Artigo 1

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.3 g), k), l), m) e n) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

II.- Feito imponible

Artigo 2

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública, nos termos establecidos no artigo 6 desta ordenanza, onde se regulan as tarifas para aplicar.

III.- Suxeito pasivo

Artigo 3

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licencias para gozar do aproveitamento especial, ou quen se beneficie del, se se procedeu ó goce sen a oportuna autorización.

IV.- Responsables

Artigo 4

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias das ditas entidades.

3.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizaron os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obri-

gas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cesamento.

4.- A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e consonte co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

V.- Beneficios fiscais

Artigo 5

1.- O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitaron licenza para gozar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2.- Así mesmo, están exentos os autobuses sanitarios e a instalación de actividades festivas, de ocio e educativos organizadas por asociacións veciñais.

3.- Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

VI.- Cota tributaria

Artigo 6

1.- A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado 3 seguinte.

2.- Non obstante o anterior, para as empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da taxa regulada nesta ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obtiñan anualmente neste termo municipal das ditas empresas.

As taxas reguladas nesta ordenanza esixíbles ás empresas explotadoras de servizos de subministracións citadas neste punto son compatibles co imposto sobre construcións, obras e instalacións e con outras taxas que teña establecidas, ou poida establecer-lo concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos.

3.- As tarifas da taxa serán as seguintes:

Epígrafe 1. Ocupación de vía con quioscos:

- Por metro cadrado e ano, ata 10 m² de ocupación: 52 €.

- Por cada m² de exceso, recarga do: 20%.

Epígrafe 2. Ocupación da vía pública con mercancías, materiais de construción, entullos, valados, puntais, estadas e outras instalacións análogas:

4.- Con materiais de construción, entullos, terras ou calquera outro material e sempre que non estea protexida a ocupación, por cada metro cadrado de ocupación e día: 0,44 €.

5.- Con puntais e outros elementos de apeo, sempre que estean fóra dos valados de protección, por cada elemento de ocupación e mes: 0,56 €.

6.- Con valados e estadas protexidos, por metro cadrado ou fracción ó mes, cota irredutible de: 1,15 €.

a) Cando as obras se interromperan por prazo superior a dous meses, sen causa xustificada, as tarifas sufrirán unha recarga do 100% a partir do terceiro mes e no caso de que finalizadas aquelas, continúe realizándose a ocupación, aplicarase unha nova recarga do 20%.



b) No caso de que os entullos se depositen en vagonetes, aplicase unha bonificación do 100%.

c) A instalación de guindastres de construción na vía pública sufrirá unha recarga do 100%.

Epígrafe 3. Ocupación da vía pública con mesas e cadeiras, con finalidade lucrativa.

. Por cada metro cadrado de ocupación con veladores e media tempada: 17,80 €.

. Por mesa e 4 cadeiras: 0,30 €, por día.

Non se permite o depósito de ningún material na vía pública.

Epígrafe 4. Ocupación da vía pública con postos de venda na vía pública, barracas, industrias na rúa e ambulantes.

- Por cada día de ocupación e ata 3 metros lineais, ou fracción: 3 €.

- Por cada día de ocupación e de 3 a 6 metros lineais: 6 €.

- Por cada día de ocupación e de 6 a 9 metros lineais: 10 €.

Epígrafe 5. Ocupación da vía pública con atraccións de feira:

- Ata 5 metros lineais de ocupación: 5,20 €.

- Entre 5 e 10 metros lineais de ocupación: 10,40 €.

- Máis de 10 metros: 15,70 €.

Cobraranse non só as atraccións, senón tódolos vehículos e caravanas que se queden no recinto feiral. Cando permanezan máis de 7 días abertos, faráselles unha bonificación na cota do 5%.

Anexo I

Para obte-la preceptiva licenza para a entrada en funcionamento das atraccións de feira que requiran a montaxe de case-tas, taboados e outras construcións ou estruturas ou da instalación de dispositivos mecánicos ou electrónicos potencialmente perigosos, deberá presentarse nas oficinas municipais, a seguinte documentación:

- DNI do titular da atracción e xustificante de alta no réxime de autónomos. Deberá ser coincidente o titular da atracción co peticionario da instalación.

- Certificado expedido por enxeñeiro técnico industrial debidamente colexiado, no que se acrediten as condicións de seguridade que a instalación reúne para o público (artigo 49 Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas.)

- Boletín de instalación eléctrica.

- Orixinal ou copia compulsada da póliza de responsabilidade civil a nome do titular da atracción, co recibo en vigor.

Epígrafe 6.

Cando se trata de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,50% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

Epígrafe 7. Ocupación do solo, subsolo e voo con avelaíñas, transformadores, postes, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cables, rafles e encanamentos e outros análogos:

De conformidade co establecido no apartado 2 deste artigo, esta taxa será substituída polo 1,5 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as ditas empresas.

Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá

determinado polo valor económico da proposición sobre a que recae a concesión, autorización ou adxudicación.

VII.- Normas de xestión

Artigo 7

1.- Poderanse establecer convenios de colaboración con organizacións representativas dos suxeitos pasivos, ou con entidades que deban tributar por multiplicidade de feitos imponibles, co fin de simplificarlos procedementos de declaración, liquidación ou recadación.

2.- A taxa prevista no punto 7 do artigo anterior deberá ser satisfeita polas empresas prestadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade da veciñanza tanto cando sexan propietarias da rede que materialmente ocupa o subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais, como no suposto que utilicen redes que pertencen a un terceiro.

3.- Telefónica de España, SA, presentará as súas declaracións axustadas ó que prevé a vixente Lei 15/1987. A declaración de ingresos brutos comprenderá a facturación de Telefónica de España, SA, e das súas empresas filiais.

VIII.- Devindicación

Artigo 8

1.- A taxa devíndicase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que para estes efectos se entende que coincide co de concesión da licenza, se esta foi solicitada.

2.- Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso deposita-lo importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para gozar especialmente do dominio público local en beneficio particular.

3.- Cando se produciu o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, a devindicación da taxa ten lugar no momento do inicio do dito aproveitamento.

IX.- Período impositivo

Artigo 9

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.

Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial se estenda a varios exercicios, a devindicación da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Cando non se autorizara a utilización privativa ou aproveitamento especial, ou este non resultara posible por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederá a devolución do importe satisfeito.

X.- Réxime de declaración e ingreso

Artigo 10

1.- A taxa esixírase mediante liquidación de ingreso directo, nos termos e prazos que prevé o Regulamento xeral de recadación.

2.- Cando se subscribiran convenios con representantes dos interesados, segundo o previsto no artigo 7.1 desta ordenanza, as declaracións de inicio do aproveitamento especial ou das variacións dos elementos tributarios, así como o ingreso da taxa realizaranse segundo o convindo.

3.- Nos supostos diferentes do previsto no apartado 2, as cantidades esixibles consonte coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

4.- Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, a obriga de pagamento nace no momento de solicita-la correspondente licenza. Para estes efectos, xunto coa solicitude de



autorización para gozar do aproveitamento especial, presentárase debidamente cuberto impreso de autoliquidación da taxa.

5.- Co obxecto de poder practica-la liquidación pertinente, deberán presentarse na Secretaría Municipal os elementos da declaración, co obxecto de que o funcionario municipal competente poida determina-lo importe da débeda.

6.- Nos supostos de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o pagamento da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilita-lo pago o concello poderá remitir ó domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permiti-lo pago en entidade bancaria colaboradora.

7.- Non obstante, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obriga de satisfacer-la taxa no período determinado polo concello no seu calendario fiscal.

8.- O suxeito pasivo poderá solicita-la domiciliación do pago da taxa, en cuxo caso se ordenará o pago en conta bancaria durante a última decena do período de pago voluntario.

XI.- Notificación das taxas

Artigo 11

1.- A notificación da débeda tributaria nos supostos de aproveitamentos singulares realizaráselle ó interesado no momento no que se presenta a declaración, con carácter previo á prestación do servizo.

2.- Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais continuados que ten carácter periódico, notificaráselle persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do concello e polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

3.- Ó amparo do previsto na disposición transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pago do prezo público ó que substitúe.

XII.- Infraccións e sancións

Artigo 12

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto na Lei xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e empezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Castrelo do Val, 13 de novembro de 2012. O alcalde.

Asdo.: Vicente Gómez García.

Edicto

Una vez que quedó definitivamente aprobada la Ordenanza Fiscal de la Tasa por Ocupaciones de Subsuelo, Suelo y Vuelo de las Vías Públicas, se procede a la publicación del acuerdo provisional adoptado en el Pleno municipal, en la sesión de 24 de septiembre de 2012, que se eleva a definitiva al no presentarse reclamaciones, así como el texto íntegro de dicha ordenanza, cumpliendo con lo dispuesto en el artículo 17.3 y 4 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Se transcribe el acuerdo así como la ordenanza fiscal íntegra.

1.- Aprobación de la Ordenanza Fiscal de la Tasa por Ocupaciones de Subsuelo, Suelo y Vuelo de la Vía Pública.

2º.- Exponer dicha ordenanza modificada en el tablón de anuncios de la Casa Consistorial por un plazo de 30 días hábiles, previo anuncio en el BOP, a los efectos de que durante dicho plazo los interesados puedan presentar las reclamaciones oportunas.

3º.- En el caso de que contra dicho acuerdo no se presente ninguna reclamación, se entenderá que esta aprobación provisional pasa a ser definitiva.

4º.- Publicar una vez convertido en definitivo el acuerdo provisional la referida ordenanza en el BOP.

Ordenanza fiscal de la Tasa por Ocupaciones de Subsuelo, Suelo y Vuelo de la Vía Pública

1.- Funcionamiento y naturaleza

Artículo 1

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución y por el artículo 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 a 19 y 20.3 g), k), l), m) y n) de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, este ayuntamiento establece la tasa por ocupación del subsuelo, suelo y vuelo de la vía pública, que se regirá por la presente ordenanza fiscal, cuyas normas atienden a lo previsto en el artículo 58 de la citada Ley 39/1988.

II.- Hecho imponible

Artículo 2

Constituye el hecho imponible de la tasa la utilización privativa o aprovechamiento especial del subsuelo, suelo y vuelo de la vía pública, en los términos establecidos en el artículo 6 de esta ordenanza, donde se regulan las tarifas para aplicar.

III.- Sujeto pasivo

Artículo 3

Son sujetos pasivos de las tasas, en concepto de contribuyentes, las personas físicas y jurídicas, así como las entidades a que se refiere el artículo 33 de la Ley General Tributaria, a cuyo favor se otorguen las licencias para disfrutar del aprovechamiento especial, o quienes se benefician de éste, si se procedió al disfrute sin la oportuna autorización.

IV.- Responsables

Artículo 4

1.- Responderán solidariamente de las obligaciones tributarias del sujeto pasivo todas las personas que sean causantes o colaboren en la realización de una infracción tributaria.

2.- Los coparticipes o cotitulares de las entidades jurídicas o económicas a que se refiere el artículo 33 de la Ley General Tributaria responderán solidariamente en proporción a sus respectivas participaciones de las obligaciones tributarias de dichas entidades.

3.- Los administradores de personas jurídicas que no realizaron los actos de su incumbencia para el cumplimiento de las obligaciones tributarias de aquellas responderán subsidiariamente de las deudas siguientes:

a) Cuando se cometió una infracción tributaria simple, del importe de la sanción.

b) Cuando se cometió una infracción tributaria grave, de la totalidad de la deuda exigible.

c) En los supuestos de cese de las actividades de la sociedad, del importe de las obligaciones tributarias pendientes de la fecha de cese.

4.- La responsabilidad se exigirá en todo caso en los términos y con arreglo al procedimiento previsto en la Ley General Tributaria.



V.- Beneficios fiscales

Artículo 5

1.- El Estado, las comunidades autónomas y las entidades locales no estarán obligadas al pago de la tasa cuando solicitaron licencia para disfrutar de los aprovechamientos especiales, necesarios para los servicios públicos de comunicaciones que exploten directamente y para otros usos que inmediatamente interesen a la seguridad ciudadana o a la defensa nacional.

2.- Asimismo, están exentos los autobuses sanitarios y la instalación de actividades festivas, de ocio y educativos organizadas por asociaciones vecinales.

3.- No se aplicarán bonificaciones ni reducciones para la determinación de la deuda.

VI. Cuota tributaria

Artículo 6

1.- La cuantía de la tasa regulada en esta ordenanza será la fijada en las tarifas contenidas en el apartado 3 siguiente.

2.- No obstante lo anterior, para las empresas explotadoras de servicios de suministros que afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario, la cuantía de la tasa regulada en esta ordenanza consistirá, en todo caso y sin excepción alguna, en el 1,5 por 100 de los ingresos brutos procedentes de la facturación que obtengan anualmente en este término municipal dichas empresas.

Las tasas reguladas en esta ordenanza exigibles a las empresas explotadoras de servicios de suministros citadas en este punto son compatibles con el impuesto sobre construcciones, obras e instalaciones y con otras tasas que tenga establecidas, o pueda establecer el ayuntamiento, por la prestación de servicios o realización de actividades de competencia local, de las que las mencionadas empresas deban ser sujetos pasivos.

3.- Las tarifas de la tasa serán las siguientes:

Epígrafe 1. Ocupación de vía con quioscos:

- Por metro cuadrado y año, hasta 10 m² de ocupación: 52 €.

- Por cada metro cuadrado de exceso, recargo del : 20%.

Epígrafe 2. Ocupación de la pública con mercancías, materiales de construcción, escombros, vallas, puntales, andamios y otras instalaciones análogas:

1.- Con materiales de construcción, escombros, tierras o cualquier otro material y siempre que no esté protegida la ocupación, por cada metro cuadrado de ocupación y día: 0,44 €.

2.- Con puntales y otros elementos de apeo, siempre que estén fuera de las vallas de protección, por cada elemento de ocupación y mes: 0,56 €.

3.- Con vallas y andamios protegido, por metro cuadrado o fracción al mes, cuota irreducible de: 1,15 €.

a) Cuando las obras se interrumpieran por plazo superior a dos meses, sin causa justificada, las tarifas sufrirán un recargo del 100% a partir del tercer mes y en el caso de que finalizadas aquellas, continúe realizándose la ocupación, se aplicará un nuevo recargo del 20%.

b) En el caso de que los escombros se depositen en vagones, se aplicará una bonificación del 100%.

c) La instalación de grúas de construcción en la vía pública sufrirá un recargo del 100%.

Epígrafe 3. Ocupación de la vía pública con mesas y sillas, con finalidad lucrativa.

- Por cada metro cuadrado de ocupación con veladores y media temporada: 17,80 €.

- Por mesas y 4 sillas: 0,30 €.

No se permite el depósito de ningún material en la vía pública.

Epígrafe 4. Ocupación de la vía pública con puestos de venta en la vía pública, barracas, industrias callejeras y ambulantes.

- Por cada día de ocupación y hasta 3 metros lineales, o fracción: 3 €.

- Por cada día de ocupación y de 3 a 6 metros lineales: 6 €.

- Por cada día de ocupación y de 6 a 9 metros lineales: 10 €.

Epígrafe 5. Ocupación de la vía pública con atracciones de feria:

- Hasta 5 metros lineales de ocupación: 5,20 €.

- Entre 5 y 10 metros lineales de ocupación: 10,40 €.

- Más de 10 metros: 15,70 €.

Se cobrará no solamente las atracciones, sino todos los vehículos y caravanas que se queden en el Recinto Ferial. Cuando permanezcan más de 7 días abiertos, se les hará una bonificación en la cuota del 5%.

Anexo I

Para obtener la preceptiva licencia para la entrada en funcionamiento de las atracciones de feria que requieran el montaje de casetas, tablados y otras construcciones o estructuras o de la instalación de dispositivos mecánicos o electrónicos potencialmente peligrosos, deberá presentarse en las oficinas municipales, la siguiente documentación:

- DNI del titular de la atracción y justificante de alta en el régimen de autónomos. Deberá ser coincidente el titular de la atracción con el peticionario de la instalación.

- Certificado expedido por ingeniero técnico industrial debidamente colegiado, en el que se acrediten las condiciones de seguridad que la instalación reúne para el público (artículo 49 Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento General de Policía de Espectáculos Públicos y Actividades Recreativas.).

- Boletín de instalación eléctrica.

- Original o copia compulsada de la póliza de responsabilidad civil a nombre del titular de la atracción, con el recibo en vigor.

Epígrafe 6.

Quando se trata de tasas por utilización privativa o aprovechamientos especiales constituidos en el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, a favor de empresas explotadoras de los servicios de suministros que resulten de interés general o afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario, el importe de aquellas consistirá en todo caso y sin excepción alguna, en el 1,50 % de los ingresos brutos procedentes de la facturación que obtengan anualmente en cada término municipal las referidas empresas.

Epígrafe 7. Ocupación del suelo, subsuelo y vuelo con palomillas, transformadores, postes, cajas de amarre, distribución y de registro, cables, raffles o tuberías y otros análogos.

4.- De conformidad con lo establecido en el apartado 2 del presente artículo, esta tasa será sustituida por el 1,5 de los ingresos brutos procedentes de la facturación que obtengan anualmente en este término municipal dichas empresas.

Quando para la autorización de la utilización privativa se utilicen procedimientos de licitación pública, el importe de la tasa vendrá determinado por el valor económico de la proposición sobre la que recaiga la concesión, autorización o adjudicación.

VII.- Normas de gestión

Artículo 7

1.- Se podrán establecer convenios de colaboración con organizaciones representativas de los sujetos pasivos, o con entidades que deban tributar por multiplicidad de hechos imponi-